



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA UN DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

**Expte: 2023/G007/000020**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día un de xuño de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 305 de data 31 de maio/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 25.05.23.-**

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 25.05.23 queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á mesma).

### **2º.-DESESTIMACIÓN DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA INSTADA POR INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER, S.L, POLO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓN PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO. /EXPTE CONTRATACIÓN 2019/C005/000004-BIS/-**

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA referente a devolución da garantía asociada ao SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓN PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287 da Convocatoria (CNV-C-SUM/2018) Convenios con Concellos para o financiamento de subministracións da Excm. Deputación de A Coruña, Anualidade 2018 para a xestión dos areas do Concello.

Vista a Providencia de Alcaldía de data 11 de agosto do 2022 referida a fianza definitiva depositada polo contratista INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L.

con C.I.F. núm. B70431424 en garantía do SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código 2018000033287 da Convocatoria (CNVC-SUM/2018) Convenios con Concellos para o financiamento de subministracións da Excma. Deputación de A Coruña, Anualidade 2018 para a xestión dos areais do Concello.

Examinado o expediente 2019/C005/000004 BIS consta Informe técnico sobre o estado do SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287, emitido polos Directores de Obra en data 23 de setembro do 2022 ao efecto de determinar a responsabilidade do adxudicatario, procedéndose a devolución ou cancelación da garantía obxecto, facendo constar que (...) existen pequenos desperfectos e patoloxías que deben ser solventadas.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, en data 18 de novembro do 2022 a Xunta de Goberno Local do Concello de Valdoviño, adoptou entre outros, acordo desfavorable referente a devolución da garantía definitiva do SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287 da Convocatoria (CNV-CSUM/2018) da Excma. Deputación de A Coruña.

A estes efectos, o contratista INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424 presenta ante o Concello de Valdoviño (número de rexistro de entrada 202399900000208) en data 21 de marzo do 2023 escrito para (...) dar conta de maneira pormenorizada do arranxo dos desperfectos e patoloxías menores, sinalados no Informe técnico emitido polos Directores de Obra en data 23 de setembro do 2022, en relación co SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.

En data 9 de maio do 2023, os Directores de Obras presentan ante a Sede Electrónica do Concello de Valdoviño (número de rexistro de entrada 202399900000760) para facer constar que analizado o escrito presentado polo contratista INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424 (...) queda acreditada a subsanación dos desperfectos menores nas instalacións de aseo e socorrismo para as praias do Concello de Valdoviño en base a:

**PRIMEIRO.-** Dito escrito ofrece no seu punto segundo unha descrición detallada dos desperfectos menores solucionados, que se corresponden cos apuntados en data 23 de setembro de 2022 mediante informe sobre el estado de las obras.

**SEGUNDO.-** Queda xustificado no escrito que a empresa Instalaciones y Mantenimiento Imafer S.L. procedeu a arranxar os desperfectos, como manifesta no punto terceiro e como acreditan os asinantes.

Polo que se informa que procede levar a cabo a devolución da garantía á empresa adxudicataria, INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L.

Visto canto antecede, SENÉN MARTÍNEZ PRIETO, Tesoureiro accidental do Concello de Valdoviño emitiu informe para facer constar que

Primeiro.- Consultadas as garantías depositadas na Tesourería municipal, consta fianza definitiva núm. 320210000075 datada o 30 de marzo do 2021 por importe de TRES MIL CATRO CENTOS VINTE E NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (3.429,71 €) en garantía do SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código 2018000033287 da Convocatoria (CNV-C-SUM/2018) Convenios con Concellos para o financiamento de subministracións da Excma. Deputación de A Coruña, Anualidade 2018 para a xestión dos areas do Concello.

Segundo.- Consta no expediente 2019/C005/00004 BIS a Acta de Recepción do SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO asinada en data 19 de outubro do 2021 polo representante do Concello de Valdoviño, o Director de Obra, o representante do contratista, a intervención municipal e o Técnico do SATM da Deputación de A Coruña.

Terceiro.- Conforme o disposto no parágrafo 1º do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, o prazo de garantía se establecerá no prego de cláusulas administrativas particulares atendendo a natureza e complexidade da obra e non poderá ser inferior a un ano salvo casos especiais.

Cuarto.- Determina o apartado III.20 do Prego de Prescricións Técnicas aplicable ao SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO que o tempo de garantía mínima será de dous anos para todos os elementos subministrados e instalados. Durante este período o contratista farase cargo da reparación e/ou substitución dos elementos defectuosos, facéndose cargo do importe dos mesmos.

Quinto.- Dispón o artigo 111 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, que a garantía non será devolta ou cancela ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución de este sin culpa do contratista.

En virtude do enunciado e o disposto no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía PROPÓN a Xunta de Goberno Local

**Primeiro.-** Desestimar a solicitude de devolución da garantía definitiva asociada ao SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287 da Convocatoria (CNV-C-SUM/2018) Convenios con Concellos para o financiamento de subministracións da Excma. Deputación de A Coruña,

Anualidade 2018 para a xestión dos areas do Concello, pois consta no expediente 2019/C005/00004 BIS a Acta de Recepción asinada en data 19 de outubro do 2021 e o apartado III.20 do Prego de Prescricións Técnicas aplicable ao SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO establece que o tempo de garantía mínima será de dous anos para todos os elementos subministrados e instalados. Durante este período o contratista farase cargo da reparación e/ou substitución dos elementos defectuosos, facéndose cargo do importe dos mesmos. Así as cousas, durante este período o contratista INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424 fíxose cargo das reparacións e elementos defectuosos que foron detectados polos Directores de Obra pero non procede a devolución da garantía núm. 320210000075 depositada polo contratista en data 30 de marzo do 2021 por importe de TRES MIL CATRO CENTOS VINTE E NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (3.429,71 €) en referencia ao SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO pois a referida garantía está vixente ata o 19 de outubro do 2023.

**Segundo.-** Notificar ao contratista INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424 o acordo adoptado e instar a solicitude da devolución da garantía asociada ao SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO unha vez rematado o tempo de garantía mínima de dous anos que establece o apartado III.20 do Prego de Prescricións Técnicas aplicable.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.**

### **3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-**

***.- Licenza de obra maior.-***

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR:

**Expte: 129/2022. Tedec: 2022/U022/000015**

**.- Expte. de obras 129/2022.-** (representado por )  
( )**.-** Para as obras de **construción de vivanda unifamiliar aillada (inclue piscina e peche frontal)** situada no **Lugar de Vilanova, 16. Parroquia de Meirás. Concello de Valdoviño** (referencia catastral n.º 15088A50200497000GO).

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto Básico e de execución de vivanda unifamiliar aillada en planta Baixa, redatado polo arquitecto Francisco Javier Piñón Carro, achegado o 07/07/2022.

- Documentación complementaria (planos A04.1, A-06.1, A-07.1, A-11.1) achegada o 19/01/2023 e visada o 19/01/2023, redactado polo mesmo técnico.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Francisco Javier Piñón Carro, achegado o 10/06/2022, oficio de Dirección de execución da obra de arquitecto técnico e Coordinador de seguridade e saúde a nome de Juan Pablo Feal Miragaya, achegados o 22/05/2023 e visados polo correspondente colexio o 18/05/2023.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ORDENANZA 1. RESIDENCIAL EXTENSIVA. VIVENDA UNIFAMILIAR.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 29/05/2023 que se emite en sentido FAVORABLE

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 31/05/2023 en sentido FAVORABLE.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] (representado por [REDACTED] Carro) a **licenza municipal de obras para a construción de vivenda unifamiliar aillada (inclúe piscina e peche frontal)** situada no **Lugar de Vilanova, 16. Parroquia de Meirás. Concello de Valdoviño** (referencia catastral n.º 15088A502004970000GO).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Francisco Javier Piñón Carro e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 29 de maio de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: Taxas 750.78 €. ICIO.- 3.453,61 €.

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a concesión de licenza en expte. de obras 129/2022, (Expte. Tedec: 2022/U022/000015), nos términos da proposta de Alcaldía referida.**

**4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/*